

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución editorial idioma 1: Inglés-Galego				
Materia	Tradución editorial idioma 1: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01926			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Valado Fernández, Liliana			
Profesorado	Valado Fernández, Liliana			
Correo-e	lilianavalado@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Materia de especialización nas teoría e práctica da tradución editorial, na combinación de inglés a galego, é dicir, tradución directa. Nesta disciplina, enténdese que a etiqueta de tradución editorial engloba todos aqueles produtos traducidos suxeitos a un proceso editorial, profesional e pautado segundo a secuenciación dos protocolos normativos internacionais (UNE-EN 15038: 2006). A tradución editorial enténdese, xa que logo, como un proceso; proceso que se lle exporá ao alumnado para que acade a calidade obxecto de avaliación en consonancia cos estándares existentes no mercado e, polo tanto, de grande utilidade para o seu futuro profesional como tradutoras e tradutores. O alumnado poderá achegarse á práctica profesional das principais modalidades de tradución editorial presentes no mercado actual, nas linguas citadas, é dicir, tradución de literatura para audiencia adulta e cativa; as principais: ensaio, poesía, prosa e teatro, malia que tamén outros produtos sometidos a edición como material publicitario e de divulgación (extractos explicativos de libros, CD, DVD...--"galletas", sinopses...--) e documentación interna de institucións internacionais. Mediante a simulación de procesos reais de tradución editorial, o alumnado poderá coñecer e/ou adquirir as competencias esixidas polo mercado profesional non só en materia de tradución, senón tamén de iniciación á edición. Os materiais empregados extraeranse de encomendas reais de tradución profesional.			

Competencias de titulación	
Código	
A1	Dominio de linguas estranxeiras
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A8	Destreza para a procura de información/documentación
A10	Capacidade de traballo en equipo
A12	Posuír unha ampla cultura
A17	Capacidade de tomar decisións
A18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
A19	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
A21	Rigor e seriedade no traballo
A22	Destrezas de tradución
A24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
A25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
A27	Capacidade de razoamento crítico
A30	Coñecemento de idiomas
A32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
A33	Dominio oral e escrito da lingua propia
B1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia

B2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
B4	Resolución de problemas
B7	Toma de decisións
B8	Compromiso ético e deontolóxico
B9	Razoamento crítico
B10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B12	Traballo en equipo
B14	Motivación pola calidade
B15	Aprendizaxe autónoma
B17	Comprensión doutras culturas e costumes
B22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Competencia lingüística: dominar á perfección a norma e os usos das linguas de traballo (inglés-galego), a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico. Subcompetencias: coñecer tanto as diferenzas como as similitudes dos dous sistemas lingüísticos.	A1 A2 A3 A4 A8 A12 A25 A30 A32 A33	B10 B14 B17 B22
Competencia comunicativa e cultural: comprender textos redactados na lingua orixe. Subcompetencia: coñecer a historia e as culturas das dúas linguas co fin de entender á perfección os textos, así como dominar os mundos textuais das dúas culturas coas que se traballa, as distintas convencións sociais; entre elas, saber relacionarse coas e cos diferentes axentes, é dicir, relación tradutora/tradutor-clienta/cliente.	A1 A2 A3 A4 A8 A17 A18 A19 A21 A22 A24 A27 A30 A32 A33	B1 B2 B7 B9 B10 B15 B17
Competencia textual: comprender a estrutura e os principios organizadores dos textos que se editan. Subcompetencias: coñecer os diferentes tipos de texto mencionados e as súas características (argumentativos, expositivos...), así como a técnica de edición máis común á que adoitan ser sometidos.	A1 A3 A4 A33	B17
Competencia tradutora: saber traducir un texto sen interferencias e con calidade. Subcompetencia: identificar as e os axentes do proceso de tradución editada (autoría, axente que traduce, autorrevisa, corrixe, revisa de xeito alleo, paxina, maqueta, compón a páxina, axente receptora ou receptor, quén e cómo critica e recensiona, quén e cómo realiza os controis de calidade, as auditorías da Norma...) e a función do texto. Coñecer as distintas técnicas e estratexias empregadas pola tradutora ou tradutor como editora ou editor, pola tradutora ou tradutor como correctora ou corrector, como revisora ou revisor, así como o mercado laboral no que estas e estes axentes desenvolven o seu labor profesional na actualidade (cántas editoriais precisan tradutoras e tradutores con inglés e galego e cál é o seu volume de publicación). Para isto, definirase a tradución de encomendas individuais e en equipo, así como se ensinará a xestionar proxectos de tradución editorial.	A8 A10 A17 A18 A21 A22 A24 A25 A27	B4 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B14 B15

Contidos

Tema

1 A industria editorial. 2 A industria editorial en galego e inglés.	1.1 Historia da tradución en Galicia: edición e tradución (1991-2005, 2006-actualidade). 2.1 Traducir para editoriais: simulación real dunha proposta de proxecto de tradución editorial para unha editorial en Galicia (candidatura voluntaria por parte do alumnado á empresa editora). 2.2 Traducir para empresas: publicación real dunha tradución editorial cara ao galego para unha empresa internacional (demanda real da empresa ao alumnado).
3 Lexislación para emprender: tradutoras/es autónomos ou SL? 4 Ética e deontoloxía profesionais na consecución da calidade na tradución: o modelo Qualitrapo como protocolo para unha tradución editorial de calidade.	3.1 Lei de propiedade intelectual. 3.2 Propiedade industrial. 3.3 Tradutoras/es autónomos ou SL? 4.1 Códigos deontolóxicos: os principais das asociacións de profesionais de tradución. 4.2 Tradución como profesión: asociacionismo (de profesionais, de empresas de tradución, federacións en España). 4.3 Calidade e tradución: asociacionismo (ISO, AENOR, AEN, CTN) e normas (ISO, EN, UNE-EN). 4.4 Simulación da aplicación dun modelo para traducir no tema 5 desta materia.
5 Práctica do proceso de tradución editorial emulando o modelo Qualitrapo para a edición traducida. 6 Práctica do proceso de revisión para a edición segundo a terminoloxía da norma "ISO 17100 Translation services Requirements for translation services".	5.1 Tradución dun "best-seller" actual de Amazon e proposta mediante candidatura voluntaria (v. 2.1). 5.2 Tradución de poesía. 5.3 Tradución de banda deseñada. 5.4 Tradución de material divulgativo de evento internacional contemporáneo. 6.1 Introdución e práctica simulada en aula da revisión das traducións (v. 5) sobre papel vs. en pantalla segundo a terminoloxía da norma "EN 17100": conferencia-seminario de membro AEN/CTN 174 "Servicios de traducción" de AENOR. 6.1.1 Chamadas de corrección internacionais. 6.1.2 Corrección humada por parte de empresas: mostra real.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1.5	1.5	3
Sesión maxistral	12	28	40
Resolución de problemas e/ou exercicios	10	20	30
Traballos tutelados	1.5	3	4.5
Presentacións/exposicións	3	9	12
Prácticas de laboratorio	18.5	39	57.5
Probas de resposta curta	1.5	1.5	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	A profesora presentará o programa docente, mediante explicación polo miúdo dos contidos, os traballos que cómpre realizar para as presentacións, así como as lecturas de carácter obrigatorio e mais o sistema de avaliación. Se o alumnado ten algunha dúbida ao respecto é necesario que a formule por escrito durante ou tras estas actividades introdutorias. A resposta será facilitada por escrito, a través do correo electrónico, en horario de titorías. De non haber dúbidas por escrito, entenderase que o alumnado comprendeu a totalidade das actividades introdutorias.
Sesión maxistral	As sesións maxistrais están destinadas a presentar a tradución editorial e a explicar o proceso tradutivo profesional. Malia a estaren no apartado de sesións maxistrais, a impartición será de índole participativa e sempre irá acompañada de apoio mediante soporte práctico. Se o alumnado ten algunha dúbida ao respecto é necesario que a formule por escrito durante ou tras estas actividades. A resposta será facilitada por escrito, a través do correo electrónico, en horario de titorías. De non haber dúbidas por escrito, entenderase que o alumnado comprendeu a totalidade das sesións maxistrais.

Resolución de problemas e/ou exercicios	Consistirá na resolución de exercicios de tradución de diferentes tipos de textos na modalidade editorial cos que se tentará emular o proceder profesional da tradución como proceso. Mediante estes exercicios poderán resolverse problemas (dificultades de tradución) empregando as técnicas necesarias para a corrección sobre papel e en pantalla. Se o alumnado ten algunha dúbida ao respecto é necesario que a formule por escrito durante ou tras estas actividades. A resposta será facilitada por escrito, a través do correo electrónico, en horario de titorías. De non haber dúbidas por escrito, entenderase que o alumnado comprendeu a totalidade da resolución de problemas e exercicios.
Traballos tutelados	O alumnado poderá realizar un traballo voluntario sobre algún dos aspectos tratados nos contidos da materia presentados nas sesións maxistrais, que será explicado pola profesora. Durante a hora e media presencial dedicada a este apartado, a profesora explicará o procedemento e as normas de elaboración do traballo, así como realizará coa participación do alumnado unha simulación dun pre-traballo mediante proxección. Este traballo non é obrigatorio, pero podería subir a cualificación; nunca baixala.
Presentacións/exposicións	O alumnado presentará de xeito individual os resultados do seu traballo en idioma I na aula.
Prácticas de laboratorio	O alumnado realizará encomendas de tradución editorial, revisión e corrección dos tipos de textos mencionados no temario, emulando os dous procesos profesionais reais presentados durante as sesións. Estas encomendas realizaranse na aula. O alumnado contará co apoio do material e as fontes de consulta necesarias para acadar un produto traducido idóneo, segundo as referencias facilitadas pola profesora. Unha vez autorrevisada a tradución, a profesora procederá á súa revisión mediante a proxección das opcións de tradución que o alumnado lle facilite. Desbotaranse as non correctas e validaranse como definitivas as correctas. A continuación, o alumnado intercambiará as traducións e realizarase a revisión allea mediante cotexo coa versión validada e definitiva dispoñible na proxección. As cualificacións serán apto ou non apto. Facilitarase un modelo de baremo previamente. Se o alumnado ten algunha dúbida ao respecto é necesario que a formule por escrito durante ou tras estas actividades.A resposta será facilitada por escrito, a través do correo electrónico, en horario de titorías. De non haber dúbidas por escrito, entenderase que o alumnado comprendeu a totalidade das prácticas de laboratorio.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	A atención personalizada ao alumnado ponse de relevo no seguimento ás clases prácticas, é dicir, antes, durante e tras as actividades de resolución de problemas e/ou exercicios, así como nos traballos tutelados e nas prácticas de laboratorio. Como resultado, o alumnado obterá unha avaliación das súas encomendas de tradución (apto ou non apto). Como complemento, neste senso, a revisión (mediante intercambio) allea de textos traducidos xa corrixidos na aula permite detectar problemas non identificados pola/o alumna/o tradutora/tradutor na súa autorrevisión, ben porque a/o alumna/o non sexa consciente dos erros, ben porque non se atreva a expolos en público. Para a solución destes erros estruturais, proponse complementar o traballo práctico coa resolución de exercicios específicos. As encomendas individuais, en tanto que simulacións de tradución profesional, permiten traducir seguindo un proceso secuenciado en fases. Tal e como demostran os estudos de tradución, estas fases favorecen a detección de problemas, xa que sinalan o erro e permiten distinguir a competencia que cómpre adestrar. En grupo, prevese incidir nestes aspectos, de modo que o alumnado adquira aquelas competencias que fan falla á hora de aceptar grandes encomendas de tradución, xa que no mercado real este tipo de ancargas se distribúen entre os chamados equipos de tradución, debido non só ao volume, senón tamén á necesidade de estandarización de criterios. En resumo, a realización de simulacións de tradución profesional obriga igualmente a titorizar e revisar a corrección de aula, o que esixe unha atención individualizada e en equipo.
Sesión maxistral	A atención personalizada ao alumnado ponse de relevo no seguimento ás clases prácticas, é dicir, antes, durante e tras as actividades de resolución de problemas e/ou exercicios, así como nos traballos tutelados e nas prácticas de laboratorio. Como resultado, o alumnado obterá unha avaliación das súas encomendas de tradución (apto ou non apto). Como complemento, neste senso, a revisión (mediante intercambio) allea de textos traducidos xa corrixidos na aula permite detectar problemas non identificados pola/o alumna/o tradutora/tradutor na súa autorrevisión, ben porque a/o alumna/o non sexa consciente dos erros, ben porque non se atreva a expolos en público. Para a solución destes erros estruturais, proponse complementar o traballo práctico coa resolución de exercicios específicos. As encomendas individuais, en tanto que simulacións de tradución profesional, permiten traducir seguindo un proceso secuenciado en fases. Tal e como demostran os estudos de tradución, estas fases favorecen a detección de problemas, xa que sinalan o erro e permiten distinguir a competencia que cómpre adestrar. En grupo, prevese incidir nestes aspectos, de modo que o alumnado adquira aquelas competencias que fan falla á hora de aceptar grandes encomendas de tradución, xa que no mercado real este tipo de ancargas se distribúen entre os chamados equipos de tradución, debido non só ao volume, senón tamén á necesidade de estandarización de criterios. En resumo, a realización de simulacións de tradución profesional obriga igualmente a titorizar e revisar a corrección de aula, o que esixe unha atención individualizada e en equipo.

Resolución de problemas e/ou exercicios	A atención personalizada ao alumnado ponse de relevo no seguimento ás clases prácticas, é dicir, antes, durante e tras as actividades de resolución de problemas e/ou exercicios, así como nos traballos tutelados e nas prácticas de laboratorio. Como resultado, o alumnado obterá unha avaliación das súas encomendas de tradución (apto ou non apto). Como complemento, neste senso, a revisión (mediante intercambio) allea de textos traducidos xa corrixidos na aula permite detectar problemas non identificados pola/o alumna/o tradutora/tradutor na súa autorrevisión, ben porque a/o alumna/o non sexa consciente dos erros, ben porque non se atreva a expolos en público. Para a solución destes erros estruturais, proponse complementar o traballo práctico coa resolución de exercicios específicos. As encomendas individuais, en tanto que simulacións de tradución profesional, permiten traducir seguindo un proceso secuenciado en fases. Tal e como demostran os estudos de tradución, estas fases favorecen a detección de problemas, xa que sinalan o erro e permiten distinguir a competencia que cómpre adestrar. En grupo, prevese incidir nestes aspectos, de modo que o alumnado adquira aquelas competencias que fan falla á hora de aceptar grandes encomendas de tradución, xa que no mercado real este tipo de ancargas se distribúen entre os chamados equipos de tradución, debido non só ao volume, senón tamén á necesidade de estandarización de criterios. En resumo, a realización de simulacións de tradución profesional obriga igualmente a titorizar e revisar a corrección de aula, o que esixe unha atención individualizada e en equipo.
Traballos tutelados	A atención personalizada ao alumnado ponse de relevo no seguimento ás clases prácticas, é dicir, antes, durante e tras as actividades de resolución de problemas e/ou exercicios, así como nos traballos tutelados e nas prácticas de laboratorio. Como resultado, o alumnado obterá unha avaliación das súas encomendas de tradución (apto ou non apto). Como complemento, neste senso, a revisión (mediante intercambio) allea de textos traducidos xa corrixidos na aula permite detectar problemas non identificados pola/o alumna/o tradutora/tradutor na súa autorrevisión, ben porque a/o alumna/o non sexa consciente dos erros, ben porque non se atreva a expolos en público. Para a solución destes erros estruturais, proponse complementar o traballo práctico coa resolución de exercicios específicos. As encomendas individuais, en tanto que simulacións de tradución profesional, permiten traducir seguindo un proceso secuenciado en fases. Tal e como demostran os estudos de tradución, estas fases favorecen a detección de problemas, xa que sinalan o erro e permiten distinguir a competencia que cómpre adestrar. En grupo, prevese incidir nestes aspectos, de modo que o alumnado adquira aquelas competencias que fan falla á hora de aceptar grandes encomendas de tradución, xa que no mercado real este tipo de ancargas se distribúen entre os chamados equipos de tradución, debido non só ao volume, senón tamén á necesidade de estandarización de criterios. En resumo, a realización de simulacións de tradución profesional obriga igualmente a titorizar e revisar a corrección de aula, o que esixe unha atención individualizada e en equipo.
Prácticas de laboratorio	A atención personalizada ao alumnado ponse de relevo no seguimento ás clases prácticas, é dicir, antes, durante e tras as actividades de resolución de problemas e/ou exercicios, así como nos traballos tutelados e nas prácticas de laboratorio. Como resultado, o alumnado obterá unha avaliación das súas encomendas de tradución (apto ou non apto). Como complemento, neste senso, a revisión (mediante intercambio) allea de textos traducidos xa corrixidos na aula permite detectar problemas non identificados pola/o alumna/o tradutora/tradutor na súa autorrevisión, ben porque a/o alumna/o non sexa consciente dos erros, ben porque non se atreva a expolos en público. Para a solución destes erros estruturais, proponse complementar o traballo práctico coa resolución de exercicios específicos. As encomendas individuais, en tanto que simulacións de tradución profesional, permiten traducir seguindo un proceso secuenciado en fases. Tal e como demostran os estudos de tradución, estas fases favorecen a detección de problemas, xa que sinalan o erro e permiten distinguir a competencia que cómpre adestrar. En grupo, prevese incidir nestes aspectos, de modo que o alumnado adquira aquelas competencias que fan falla á hora de aceptar grandes encomendas de tradución, xa que no mercado real este tipo de ancargas se distribúen entre os chamados equipos de tradución, debido non só ao volume, senón tamén á necesidade de estandarización de criterios. En resumo, a realización de simulacións de tradución profesional obriga igualmente a titorizar e revisar a corrección de aula, o que esixe unha atención individualizada e en equipo.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A avaliación das sesións maxistrais permtirá coñecer a competencia acadada polo alumnado no referente aos conceptos téoricos da materia. Poderase avaliar o alumnado, ben mediante a encomenda de realización de cuestionarios sobre lecturas de artigos ou críticas sobre a materia.	15
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliarase todo tipo de exercicios relacionados coa competencia tradutora. Poderán ser exercicios que traten a autorrevisión, revisión e corrección alleas de textos traducidos nos que se insiran dificultades de tradución... Terase moi en conta a calidade lingüística dos textos producidos polo alumnado tanto escritos, como orais e a súa participación activa nas sesións.	30
Presentacións/exposicións	O alumnado deberá presentar oralmente en idioma I, e de xeito individual, o traballo encomendado a comezos de curso. O traballo non é obrigatorio. Terase moi en conta a calidade lingüística dos textos producidos polo alumnado tanto escritos, como orais e a súa participación activa nas sesións.	0

Prácticas de laboratorio	Entragaráselle ao alumnado textos para seren traducidos. O alumnado tentará simular procesos reais de traballo. De obter apto, contará un 35% na avaliación continua. O control das entregas farase na aula na data de entrega sinalada mediante "folla de control de textos recibidos". Terase moi en conta a calidade lingüística dos textos producidos polo alumnado tanto escritos, como orais e a súa participación activa nas sesións.	35
Probas de resposta curta	O alumnado deberá ler varios artigos en idioma I (cf. bibliografía) que serán avaliados mediante unha proba de resposta curta.	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado ten que optar a comezos de curso por unha das dúas modalidades de avaliación:

1 Para o alumnado que segue a **avaliación continua (imprescindible 80% mínimo de asistencia),** todas as probas propostas son obrigatorias, agás o traballo (opcional) cuxa data de entrega será durante a primeira sesión á volta do período de traballo autónomo. O alumnado deberá superar todas as probas para poder superar a materia. O alumnado que suspenda algunha das probas deberá recuperar esa parte na data do exame de maio-xuño que terá lugar na última semana lectiva, durante a derradeira sesión. O **alumnado que suspenda a avaliación de maio-xuño,** deberá presentarse á convocatoria de xullo na data oficial, fixada pola Facultade, que incluirá todos os contidos da materia.
3 Para o **alumnado que non se acolla á avaliación continua,** haberá dúas convocatorias de exame: maio-xuño (no horario e aula da última sesión e xullo (data oficial). O exame consistirá na realización dun traballo de tradución directa (inglés-galego), así como dunha proba de resposta curta sobre os contidos teóricos impartidos nas sesións. Non se permitirá empregar materiais auxiliares na proba de resposta curta, pero si na de tradución. Deberá superar as dúas probas para facer media.

Bibliografía. Fontes de información

Boase-Beier, J. 2006. Stylistic Approaches to Translation. Manchester: St. Jerome.

Collie, J. van & W. P. Verschueren (eds.) 2006. Children Literature in Translation. Manchester: St. Jerome.

Dickinson, E. 2012. "Emily Dickinson: Poemas", en *Metamorphoses,* 2012. Amherst: University of Massachusetts. [Translated into Galego by Marta Dahlgren and Manuel Forcadela].**[lectura obrigatoria]**

Even-Zohar, I. 1996. "A posición da tradución literaria dentro do polisistema literario", en Viceversa 2: 57-65. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

Fernández Rodríguez, A. 1995. "O papel da tradución no sistema lingüístico e literario nacional: o ámbito galego", en Grial 128: 541-554. Vigo: Editorial Galaxia.

Gentzler, E. 2011. "Translation, Culture and Publishing in the United States". En *Translation Quality Assessment Policies from Galicia.* Berna: Peter Lang. **[lectura obrigatoria]**

González González, M. e A. Santamarina Fernández (coords.). 2004. Vocabulario ortográfico da lingua galega. A Coruña: RAG.

ISO. 2013. *ISO 17100 Translation Services -- Requirements for Translation services.* Suíza: ISO. **[lectura obrigatoria]**

Lozano, W. 2006. Literatura y Traducción. Granada: Universidad de Granada

Luna, A. 2011. "Analysis Criteria for Editorial Translation Policies". En *Translation Quality Assessment Policies from Galicia.* Berna: Peter Lang. **[lectura obrigatoria]**

Luna, A, S. Montero Küpper e L. Valado. 2011. "Translation Policies from the Insight". En *Translation Quality Assessment Policies from Galicia.* Berna: Peter Lang. **[lectura obrigatoria]**

Maier, C. (ed.) 2000. Evaluation and Translation. Special Issue of The Translator, 6/2. Manchester: St. Jerome. **[lectura obrigatoria]**

Martínez, M, P. Barash. 2003. The Dreamer who Unlocked the Secrets of the Universe. Vantage.

Nord, C. 1997. Translation as a purposeful Activity. Functional Approaches Explained. Manchester: St. Jerome. **[lectura obrigatoria]**

Schwartz, R. 2011. "The View from the Ground. On the Professional Situation of the Literary Translation". En *Translation Quality Assessment Policies from Galicia.* Berna: Peter Lang. **[lectura obrigatoria]**

Valado, L. 2011. "An Overview of a New Focus on TQA: Translation Error Detection Method (Tedemet)". En *Translation*

Quality Assessment Policies from Galicia. Berna: Peter Lang. **[lectura obrigatoria]**

VV.AA. 2011. Panorámica da edición española de libros 2011. Dirección General del Libro, Archivos y Bibliotecas. MEC. [Dispoñible en liña: http://www.mcu.es/lab/libro/d2002/produl.html]. (Data de consulta 04-07-12).

Real Academia Galega Instituto da Lingua Galega. 2004. Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. Santiago de Compostela: RAG/ILG.

Steiner, George. 1980. Después de Babel: aspectos del lenguaje y la traducción, en *Sección de Lengua y estudios literarios.* México, D.F.: Fondo de Cultura Económica. **[lectura obrigatoria]**

Valado, L. 2008. "Quen traduce en galicia?", en Praza das letras, pp. 10-13. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia

Valado, L. 2012. "Historical-Legislative Context and Publishing Translation Market in Galicia". En *Tradución na edición de libro de texto. Proposta de protocolo de actuación do castelán ao galego na procura de calidade.* Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo. **[lectura obrigatoria]**

Valado, L. [no prelo]**.** *El modelo Qualitrapo***.** Granada: Universidad de Granada.

VV.AA. 2004. Dicionario Xerais da Lingua Galega. Vigo: Xerais.

VV.AA. 2004. Termos esenciais de botánica. Santiago de Compostela: USC.

VV.AA. 2006. Criterios para o uso da lingua. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña.

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación IV: Revisión e corrección de textos/V01G230V01701

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés/V01G230V01103
Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Inglés/V01G230V01417
Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego/V01G230V01301